



CONCELLO DE TUI

Plan de Acción Local

Axenda Urbana de Tui

<https://axendaurbanatui.gal/>

¿QUE É UNHA AXENDA URBANA?

A Axenda Urbana de Tui responde á necesidade de recuperar o equilibrio e crear cidades máis autónomas e sostibles respondendo a unha das cinco prioridades de Europa: *Unha Europa máis próxima aos cidadáns, que apoie estratexias de crecemento de xestión local e que contribúa a un desenvolvemento urbano sostible en toda a UE.*

1

Con esta política de cohesión dedicada por primeira vez ás entidades locais búscase empoderalas, potenciar o desenvolvemento urbano sostible e realizar un novo programa de creación de capacidades e establecemento de redes destinado ás autoridades urbanas.

2


A Axenda Urbana Española impulsa o ODS 11 que persegue cidades máis sostibles, inclusivas, seguras e resilientes. En setembro lanzou os proxectos piloto dos Plans de Acción Local e promulgou unha metodoloxía de traballo de xeito que se asegure a alineación cos ODS da Axenda 2030 e a Axenda Urbana das Nacións Unidas. Nesta convocatoria tan só **121 concellos de toda España** foron seleccionados para a realización dos seus pilotos. **Un deles foi Concello de Tui.**

3

Non debe entenderse a Axenda Urbana como un xeito únicamente de conseguir financiamento se non como unha ferramenta que propón un **cambio na gobernanza**, na que un dos factores clave é o diálogo entre todos os axentes do territorio. É por isto, que a Axenda Urbana de Tui **actúa tamén nos núcleos rurais.**

¿QUE É UN PLAN DE ACCIÓN?

O presente Plan de Acción é un **Documento Estratéxico** que ten que ser a guía para a implementación da Axenda Urbana en Tui. Recolle os problemas e retos identificados no modelo urbano actual tanto na análise dos datos cuantitativos (Diagnose) como dos cualitativos (Participación) e plantea un **conxunto de accións** para a creación dun modelo de concello sostible e moderno alineado cos ODS e a axenda urbana e rural. Estas accións, segundo define a propia AUE, perseguen a difusión de boas prácticas, a xeración de cultura participativa e a transferencia de coñecementos, así como estimular a creatividade e proporcionar solucións viables para o desenvolvemento urbano sostible.



RESUMEN ANÁLISIS DAFO Y CONCLUSIONES

Para a definición do Plan de Acción redáctase un DAFO xeral como resultado dos DAFOs sectoriais de cada obxectivo estratéxico (definidos no diagnóstico) e do DAFO elaborado tras o proceso de participación, con encontros con cada unha das parroquias de Tui e a realización de entrevistas e enquisas telefónicas.

Este DAFO xeral será a base á que dan resposta as accións planteadas, dende a lóxica de Corrixir Debilidades, Afrontas as Ameazas, Manter as Fortalezas e Explorar as Oportunidades.

D

- D01. Situación orográfica que dificulta a accesibilidade
- D02. Presencia de infraestruturas que limitan fluxos
- D03. Posición de borde da cidade históricas
- D04. Escaseza de solo industrial e falta de ingresos
- D05. Falta de oferta de vivenda
- D06. Estructuras de comunicación pouco axeitadas entre as parroquias
- D07. Proximidade aos 20.000 habitantes
- D08. Xestión administrativa pouco actualizada e informatizada
- D09. Edificios municipais antigos
- D10. Mala conectividade a internet nas parroquias

A

- A01. Cambio do modelo comercial
- A02. Perda da centralidade transfronteiriça
- A03. Sobreexplotación turística
- A04. Falta de diversificación económica
- A05. Cambio de normativa/lexislación en Portugal
- A06. Perda de calidade co Plan de transporte público
- A07. Convivencia de polígonos e zonas residenciais
- A08. Perda de poboación por falta de aloxamento
- A09. Redución da calidade da oferta hoteleira/hostaleira
- A10. Falta de colaboración de administracións

F

- F01. Patrimonio histórico e a memoria
- F02. Importante papel transfronteirizo
- F03. Riqueza fluvial e de biodiversidade
- F04. Riqueza forestal e medioambiental do eixo Río Miño-Monte Aloia
- F05. Amplo e forte tecido asociativo
- F06. Diversidade modal de transporte
- F07. Territorio ben comunicado e preto do aeroporto e Universidade
- F08. Boas condicións climáticas
- F09. Viabilidade de implantación de medios de transporte blandos
- F10. Relación consolidada con Valença do Minho

O

- O1. Reforzo da privilexiada situación estratéxica de Tui
- O2. Posibilidade de ser pioneiro en implantación de economía dos coidados
- O3. A fertilidade e riqueza produtiva dos solos agrícolas
- O4. Singularidade do seu papel transfronteirizo como motor económico
- O5. Posible aproveitamento do río Miño navegable como desprazamento modal
- O6. Importancia da cultura termal, en especial en Caldelas
- O7. Extensa rede de camiños entre parroquias e sendeiros fluviais
- O8. Incremento do interese en actividades de montaña ligadas ao Monte Aloia
- O9. Poboación sensibilizada en materia medioambiental e cambio climático
- O10. Novos modelos de Turismo Slow e Cutlural

DEBILIDADES
AMEAZAS
OPORTUNIDADES
FORTALEZAS

O FUTURO SOBRE TRES EIXOS ESTRATÉXICOS

Para a realización deste Plan de Acción traballouse nunha liña establecida a partir de **TRES IDEAS-FORZA** planteados na Diagnose.

O primeiro reto está ligado á necesidade de reestruturar o tecido edificado non só no que se refire á **MELLORA DA CIDADE HISTÓRICA** se non ligado a unha óptica máis ampla. Para transformar a cidade existente débese traballar:

1

No edificado (mitigar o impacto de certas construcións e incrementar a vivenda, en especial a de carácter público en alugueiro)

2

Sobre o espazo público (é un dos concellos da provincia con menor relación entre espazo público e espazo privado). Resulta esencial actuar sobre o espazo público para mellora os lugares para as persoas e a mobilidade sostible. Dese modo tamén melloraría ambientalmente a cidade.

3

Sobre as dinámicas socioeconómicas (en Tui a actividade económica está excesivamente ligado ao sector servizos (3 de cada 4 traballadores) en especial pola importante actividade local dedicada ao turismo) polo que se promoven accións que rompan con esta situación de desequilibrio na actividade económica local.

Ademais, este Plan de Acción recolle e asume as indicacións do Plan REXURBE para a rehabilitación e dinamización da cidade histórica.

En canto á **ORGANIZACIÓN TERRITORIAL** plantéase:

1

A conexión dos dous espazos naturais existentes no concello que participan na Red Natura 2000, o **Parque Natural do Monte Aloia** e a **área protexida do Baixo Miño**

2

A través da revitaliación fluvial tanto do propio río Miño como dos ríos que atravesan o concello entre ambos espazos naturais (especialmente o río Cotarel (O Tripes) e o río Louro). Esta debe ser a base sobre a que crear

3

Unha **rede de percorridos blandos destinados á mobilidade peanil e ciclista** como alternativa ao coche que permita, ademais da relación e comunicación entre parroquias, o poder chegar de xeito seguro dende os núcleos rurais ás actuais paradas das liñas de autobuses que pasan por Tui. Deste xeito comezaríase a solventar a situación de desconexión entre os núcleos do rural de Tui e entre estes e o casco urbano

Esta proposta irá tamén da man da **recuperación do patrimonio natural e cultural** de Tui e a procura dunha actividade económica sostible e de óptica circular que dote de actividade non só o caso urbano, se non tamén ao rural, fomentando o asentamento de poboación nas parroquias.

Serán importantes tamén: os proxectos de humanización e desenvolvemento xa en marcha da parte nova de Tui; o desenvolvemento do Polígono Industrial; o potencial do Paseo Fluvial e as oportunidades que se poderían abrir co soterramento da vía do tren ao seu paso polo casco urbano.

Plantéase unha mellora ambiental e un xeito de conexión e reforzo da unidade territorial de todo o rural diseminado a través de catro grandes áreas de planificación territorial: a do **eixo Caldelas-Guillarei**, a norte, que aproveitará o paso do camiño de Santiago, a da **contorna de Pazos** e a de Randufe. Todo articulado a través de eixos medioambientais que poñan en valor a riqueza da ubicación de Tui.

Tui é na actualidade un concello cun crecemento poboacional maior que a súa contorna. En xeral a súa comarca é unha das que ten mellores datos de toda Galicia. Isto unido á súa situación tanto no eixo atlántico como na fronteira con Portugal reforza a necesidade de aproveitar esta situación convistas a reforzar o **PAPEL TERRITORIAL DE TUI E O SEU VALOR COMO NODO TRANSFRONTEIRIZO DE TRANSFORMACIÓN**.

Neste documento plantéase:

1

Accións que potencien o papel da Eurocidade Valença-Tui de xeito que ambos concellos deixen de medrar un ás costas do outro

2

Solucións comúns a problemas comúns e transfronteirizas

O presente Plan de Acción recolle, asume e amplia os obxectivos e as liñas estratéxicas da Eurocidade. As accións planteadas deberán potenciar o posicionamento estratéxico de Tui suxerindo, ademais, o espazo máis cercano á Ponte Internacional como lugar idóneo para o emprazamento dunha **estación intermodal** na que realizar intercambios de tráfico de coches, buses, trens, barcos, bicicletas e peonís.



PASAMOS Á ACCIÓN

Este Plan de Acción expón un total de 34 accións das cales 10 encádranse no eixo ou reto R1. **Revitalización da cidade histórica** e a súa contorna cun enfoque transversal, 16 no eixo ou reto R2. **Reequilibrio territorial** a través da **mellora de servizos nas parroquias** e a protección ambiental, e 8 no eixo ou reto R3. **Reforzo do papel transfronteirizo** de Tui desde a **innovación económica**.

A maioría destas accións están aliñadas con outros OE como obxectivos secundarios, o que reafirma a este Plan de Acción como unha **estratexia transversal** para a transformación do modelo urbano de Tui. Ademais, estas accións están aliñadas tanto cos ODS da Axenda 2030 como cos 6 obxectivos ambientais do DNSH (Do Non Significant Harm) de tal forma que se cumpra o precepto de **non causar ningún dano significativo** a ningún dos 6 obxectivos ambientais.

Cada acción enmárcase nun obxectivo estratéxico da AUE, e dentro disto, nun dos seus obxectivos específicos e unha liña de actuación.



1

O.E. 1

Ordenar o chan de maneira compatible coa súa contorna territorial.

Aproveitamento agrícola en Veigas do Louro.

Exponse os estudos para a recuperación do aproveitamento agrícola que facilite a substitución xeracional que o minifundio dificulta e así se promova de novo unha agricultura tradicional, ecolóxica e respectuosa co medio.

50.000 €

2

O.E. 1

Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural e protexer a paisaxe.

Renaturalización fluvial do Río Miño a nivel territorial.

O obxecto principal desta acción é a recuperación e protección da marxe dereita e da contorna natural do río Miño, mediante a consolidación dunha senda natural de ribeira.

2.100.000 €

3

O.E. 1

Mellorar as infraestruturas verdes e azuis e vinculalas co contexto natural.

Renaturalización fluvial do interior do municipio.

Búscase xerar unha conexión entre os dous espazos de importancia ambiental de Tui: o monte Aloia e a rede Natura 2000 do Baixo Miño a través da recuperación e a protección das contornas dos ríos e regachos interiores do municipio.

1.500.000 €

4

O.E. 2

Garantir a complexidade funcional e diversidade de usos.

Mellora e humanización do eixo conector entre o centro urbano e a cidade histórica.

Acción destinada á mellora das condicións de circulación de peóns na contorna do Paseo da Corredera, recuperando o carácter que tivo historicamente de paseo arborizado. Deste xeito preténdese potenciar o seu valor histórico e patrimonial.

1.300.000 €

5

O.E. 2

Garantir a complexidade funcional e diversidade de usos.

Mellora e humanización dos espazos centrais do centro urbano.

Conxunto de operacións para potenciar a protección do peón dentro dun sistema de mobilidade onde se modere a velocidade e os fluxos de circulación rodada, para adaptalas a unha realidade de medio residencial, comercial, educativo e sanitario do centro urbano.

3.500.000 €

O.E. 2
Mellorar a calidade e a accesibilidade universal dos espazos públicos.

Mellora dos espazos de convivencia das parroquias rurais do municipio.

Acción destinada á creación de espazos de convivencia nas parroquias, nos que os veciños e veciñas pódanse atopar e camiñar con seguridade. Desta forma búscase potenciar o sentimento de pertenza e a relación veciñal.

2.600.000 €

O.E. 3
Adoptar o modelo territorial e urbano para os efectos do cambio climático e avanzar na súa prevención.

Mellora da resiliencia climática do municipio desenvolvendo o PACES en Tui.

Execución do Plan de Acción para o Clima, documento desenvolvido polo Concello de Tui. O desenvolvemento deste plan debe cumprir polo menos cos compromisos mínimos de redución de gases de efecto invernadoiro.

50.000 €

6

O.E. 2

Mellorar a calidade e a accesibilidade universal dos espazos públicos.

Mellora da accesibilidade da cidade histórica desde a área fluvial.

Búscase a realización dun proxecto de mellora da accesibilidade á cidade histórica de Tui. Resolvendo este acceso ademais facilitaríase a conexión peonil entre os centros históricos de Valença e Tui a través do Puente Internacional e a área fluvial.

2.000.000 €

8

O.E. 2

Mellorar a calidade e sustentabilidade dos edificios.

Rehabilitación de espazos degradados para dotar de actividade.

Acción na que se busca rehabilitar edificios de titularidade municipal en estado de degradación, como o edificio da antiga fábrica Cam-Fram para dotalos de actividade, destinándoo a usos públicos e sociais (implantación de locais para asociacións locais,...).

3.000.000 €

10

O.E. 3

Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Reordenación da mobilidade e estudo de estacionamento no centro urbano.

Esta acción busca a reorganización do tráfico no centro urbano de Tui para reducir o volumen do mesmo na zona. Ademais, crearase un aparcamento na traseira do edificio da área panorámica e estudarase a posibilidade de crear máis aparcamentos disuasorios.

4.000.000 €

11

O.E. 3

Mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático**Acondicionamento dos xardíns da Alameda.**

Acción para o acondicionamento da Álameda de Santo Domingo para uso e goce da cidadanía con tres propósitos principais: recuperar o eixo visual sobre o Miño; re-xerar o xardín clásico coas súas aliñacións e crear un espazo de escenario para uso das persoas.

800.000 €**12**

O.E. 4

Ser máis eficientes enerxéticamente e aforrar enerxía.**Mellora da eficiencia energética dos edificios públicos.**

O obxectivo desta acción é a rehabilitación enerxética dos edificios de propiedade municipal (especialmente os das parroquias e o propio concello), actuando no seu envolvente e nas súas instalacións térmicas e de iluminación.

2.500.000 €**13**

O.E. 4

Ser máis eficientes enerxéticamente e aforrar enerxía.**Renovación da iluminación pública municipal.**

Propónse a renovación da iluminación pública de Tui seguindo as recomendacións da auditoría que sobre o mesmo realizouse no ano 2019. Todo isto farase tendo en conta o encaixe desta instalación nun futuro sistema de xestión tipo SMART CITY.

2.805.082 €**14**

O.E. 4

Fomentar o ciclo dos materiais.**Mellora do aproveitamento forestal de Tui.**

Preténdese a realización dos estudos necesarios, conxuntamente coas comunidades de montes, para mellorar o actual aproveitamento forestal de Tui.

50.000 €**15**

O.E. 5

Favorecer a cidade de proximidade.**Estudo de fluxos e soterramento da vía do tren ao seu paso polo centro urbano.**

Buscarase o convenio de colaboración entre o Concello de Tui e ADIF para o soterramento da vía do tren ao seu paso polo centro urbano, nun tramo que rolda os 600m e que permita unha vía en superficie que libere o tráfico interior.

13.200.000 €

O.E. 6
Reducir o risco de pobreza e exclusión social en contornas urbanas desfavorecidas.

Mellora do espazo público e rehabilitación e dotación de uso aos edificios públicos da área Rexurbe.

Acción destinada a dinamizar a área Rexurbe de Tui rehabilitando os edificios de titularidade municipal dentro da dita área para dotalos de uso incluíndo a mellora das prazas (Teatro, Pracer e Armada) e creando nodos de atracción no ámbito.

4.500.000 €

O.E. 6
Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e capacidade.

Deseñar a cidade desde a perspectiva de xénero.

Acción que recolle distintas operacións todas elas enfocadas ao deseño de Tui desde unha perspectiva de xénero. Elaboraranse ordenanzas que teñan en conta a eliminación de espazos non seguros ademais doutras operacións transversais.

50.000 €

16

O.E. 5
Potenciar modos de transporte sostenibles.

Mellora dos servizos de transporte colectivo das parroquias.

Realización dun programa piloto de implantación dun sistema de transporte colectivo (coches a demanda, buses,...) que dea servizo ás parroquias na procura de conectalas entre elas e co centro urbano.

300.000 €

18

O.E. 6
Buscar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero, idade e capacidade.

Converter a Tui en cidade amiga da infancia.

Acción para desenvolver un Plan local de infancia e adolescencia para avanzar en Tui cara a un municipio comprometido co cumprimento dos dereitos das nenas, os nenos e os adolescentes de acordo á Convención sobre os Dereitos da infancia.

50.000 €

20

O.E. 7
Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica.

Creación dun espazo de innovación económica transfronteriza e nodo de intercambio modal de transportes.

Propónse o desenvolvemento do chan próximo á ponte internacional desde a iniciativa pública de modo que poida crearse un espazo de dinamización económica de carácter internacional no que se facilite o intercambio modal de transporte.

100.000 €

21

O.E. 7

Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica.

Desenvolvemento de espazo para mercado e feira.

Acción destinada á remodelación da Plaza de Abastos e a súa contorna e á elaboración dun estudo para un posible cambio de ubicación e regularización do mercadillo ademais das mellora dos servizos.

2.000.000 €

23

O.E. 7

Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica.

Ampliación e mellora das infraestruturas industriais.

Búscase levar a cabo uns estudos que analicen as posibles accións a levar a cabo en busca de complementar as distintas ampliacións que se proxectan nos polígonos industriais, reducindo o seu impacto paisaxístico.

100.000 €

25

O.E. 7

Fomentar o turismo intelixente, sostible e de calidade e os sectores clave da economía local.

Actuacións para o aproveitamento dos recursos turísticos

Proponse o impulso de actuacións na infraestrutura turística en consonancia cos estudos previos elaborados. Especialmente relevante será a mellora do aproveitamento das augas termais en Caldelas, coa finalidade de dinamizar a actividade económica local.

100.000 €

22

O.E. 7

Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica.

Posta en marcha de programas de apoio económico.

Acción destinada ao impulso de diferentes programas de apoio e impulso da economía local, con especial enfoque ao turismo e ao comercio.

100.000 €

24

O.E. 7

Fomentar o turismo intelixente, sostible e de calidade e os sectores clave da economía local.

Mellora das conexións territoriais.

Mellora da conexión peonil e ciclista entre as propias parroquias e entre estas e o centro urbano, mellorando a comunicación e incorporando o potencial turístico das parroquias á cidade histórica e ao Camiño de Santiago.

500.000 €

26

O.E. 7

Fomentar o turismo intelixente, sostible e de calidade e os sectores crave da economía local.

Rehabilitación do Teatro Principal.

Exponse a rehabilitación do Teatro Principal de Tui para adaptar o seu uso orixinal ás necesidades actuais. A súa rehabilitación faría posible a recuperación dun espazo urbano e facilitaría o acceso á muralla existente.

3.000.000 €

28

O.E. 8

Garantir o acceso á vivenda, especialmente dos colectivos máis vulnerables.

Creación dun parque de vivenda pública en Tui.

Esta acción propón a realización dun estudo para a creación dun programa de vivenda pública municipal en Tui, co fin crear unha bolsa municipal de vivendas para alugueiro social e tamén para vivenda de emerxencia social.

50.000 €

30

O.E. 9

Favorecer a sociedade do coñecemento e avanzar cara ao desenvolvemento das cidades intelixentes (Smart cities).

Impulso á dixitalización das actividades económicas de Tui.

Acción para o desenvolvemento da dixitalización nas actividades económicas de Tui, empezando polo comercio a través do programa da Deputación de Pontevedra "COMMERCE INSIDE" e a creación da plataforma de comercio en liña Étui.

250.000 €

27

O.E. 8

Fomentar a existencia dun parque de vivenda adecuado a prezo alcanzable.

Incremento da oferta pública de vivenda na área Rexurbe.

Actuación aliñada co plan de dinamización da área Rexurbe de Tui que ten como obxectivo, entre outros, o fomento da habitabilidade das vivendas e a ampliación do parque público de vivendas, contribuíndo a preservar o patrimonio existente.

6.000.000 €

29

O.E. 9

Favorecer a sociedade do coñecemento e avanzar cara ao desenvolvemento das cidades intelixentes (Smart cities).

Introdución dos servizos smart city en Tui.

Introdución dos servizos smart city en Tui, co obxectivo de avanzar nun desenvolvemento urbano sostible que aplique a innovación e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) á xestión e prestación dos seus diferentes servizos.

300.000 €

O.E. 9
Fomentar a Administración electrónica e reducir a fenda dixital.

Mellora da administración local.

Creación dun portelo único para a xestión de trámites dos veciños de Tui con distintas áreas da administración local e outras administracións a niveis superiores. Ademais fomentárase a formación respecto diso deste tema para evitar a fenda dixital.

400.000 €

O.E. 10
Asegurar a participación cidadana, a transparencia e favorecer a gobernanza multinivel.

Creación dun sistema de gobernanza.

Elaboración dun novo sistema de gobernanza máis participativo, con comunicación con todas as parroquias, mediante creación de varias mesas a nivel municipal e o reforzo da mesa de coordinación con Valença.

100.000 €

31

O.E. 9

Favorecer a sociedade do coñecemento e avanzar cara ao desenvolvemento das cidades intelixentes (Smart cities).

Mellora dos servizos de cobertura móbil e conexión a internet.

O rural de Tui conta con importantes problemas de cobertura da telefonía móbil e de conexión a internet. Proponse a elaboración dun estudo para buscar como mellorar esta situación de desconexión.

30.000 €

33

O.E. 10

Lograr un marco normativo e de plan actualizado, flexible e simplificado que mellore, tamén, a xestión.

Revisar e actualizar as ordenanzas municipais.

que permita superar algunhas das dificultades na realización de diversos trámites no ayuntamiento.

50.000 €

34

